



UNHA MULLER DONA DO SEU TEMPO

As persoas somos en boa parte produto do tempo que nos tocou vivir. O que lle correspondeu a María Victoria Moreno non foi dos fáciles. Cando naceu (1 de maio de 1939) había poucas semanas que rematara a guerra civil. Por se fose pouco, catro meses despois (setembro de 1939) comezaba a segunda guerra mundial.

Coma tantas outras nenas e nenos da posguerra, viviu unha infancia de estreiteces. Aínda así, a súa familia era relativamente acomodada e puido completar os estudos primarios e secundarios, algo que non era habitual naqueles tempos, e menos no caso das rapazas.

Cando en 1958 comezou os estudos superiores, as mulleres que accedían á universidade seguían a ser unha minoría. Eran tempos nos que moitos espazos públicos estaban completamente vetados para elas.



Sabiades que en España, ata 1966, as mulleres tiñan expresamente prohibido estudar a carreira xudicial e que non houbo unha xuíza ata o ano 1977?

Para que ao longo da historia as mulleres fosen conquistando os seus espazos na sociedade, tivo que haber pioneiras que se encargasen de abrilos.



Pioneira: *Persoa que dá os primeiros pasos nunha actividade*



Amelia Earhart:

En 1928 atravesou o océano Atlántico pilotando un avión.



Charlotte Cooper:

Tenista inglesa. Primeira muller en conseguir unha medalla olímpica (Xogos de París do ano 1900).




Marie Curie:

Física e química de orixe polaca. Foi unha das maiores científicas da historia e tamén a primeira muller que logrou gañar un Premio Nobel: o de Física en 1903 e o de Química en 1911.



ACTIVIDADE:



En Galicia tamén houbo moitas pioneiras. Aí van tres nomes dos que é posible que nunca oirades falar. Buscade información sobre elas:

Celia Rivas Casais. Camioneira.

María Luz Morales. Directora dun xornal.

Concepción Pérez Iglesias. Alcaldesa de Portas (Pontevedra).



María Victoria Moreno foi tamén de abrir camiños. **Mar adiante** (1973) é un dos primeiros libros dirixidos ao público infantil. Tanto nesta obra coma nas posteriores, as personaxes femininas xogan un papel principal nas narracións. Dalgún xeito, aqueles seus pasos, canda os doutros autores e autoras do seu tempo, posibilitaron a chegada de novas voces que colocarían a nosa literatura infantil e xuvenil (LIX) na vangarda literaria.



MÁIS IGUAIS E MÁIS LIBRES

Hai camiño andado, pero queda moito por percorrer para lograr unha igualdade real entre homes e mulleres. Neste ano 2018...

- Dos 313 concellos que hai en Galicia, só 42 teñen unha alcaldesa.
- Unha muller segue gañando de salario medio un 20% menos ca un home.
- Cada día 15 mulleres denuncian no noso país que son vítimas da violencia machista.
- A pesar de representaren as mulleres máis do 51% do censo electoral, nunca houbo unha presidenta da Xunta de Galicia.
- As mulleres dedican o dobre de horas que os homes aos traballos domésticos e ao coidado das crianzas e das persoas maiores.

Como vimos nesta ficha, María Victoria Moreno foi unha muller que gañou por dereito propio un lugar na historia da nosa literatura. Bo exemplo é que este ano 2018 se lle dedica o 17 de maio. Porén, tamén cómpre lembrar que dende que se celebra o Día das Letras Galegas (1963), só catro autoras (Rosalía de Castro, Francisca Herrera, María Mariño e agora María Victoria Moreno) recibiron esa honra (fronte a 52 homes homenaxeados).

Celebremos o Día das Letras e lembremos sempre que sendo máis iguais tamén somos máis libres!

